

Cómprennos asociacións de veciños eficientes.

Serafín Villanueva Bembibre

As sociedades humanas non constituímos arestora unha masa inerte, un todo revolto, unha xustaposición de xentes ou individuos administrados, pegados uns ós outros como fósiles, superpostos e pasivos, sumando entre todos unha totalidade amorfa. Somos persoas, somos seres humanos, somos cidadáns dotados de capacidade mental e de vontade e, como tales, estamos en situación de vertebración permanente, ben que mal, formando unha complexa rede de relacións sociais, que son as que definen a nosa convivencia, dan forma ás nosas actividades, configuran a nosa identidade, e convértennos en suxeitos do noso propio quefacer histórico. Atrás fican as sociedades rabaño da servidume medieval, as sociedades súbditas das monarquías autoritarias e as sociedades masa da Revolución Industrial. O verdadeiro patrimonio dun pobo mídense hoxe pola capacidade de nos vertebrarmos incesantemente nesta rede dinámica de relacións humanas, dado que nas nosas mans, só nas nosas mans, está o noso presente, e de nós, só de nós, depende a construción do noso futuro histórico, económico e social. Quen non entenda esta esixencia aínda non entende a verdade máis obvia dos novos tempos.

En toda sociedade topamos con tres sectores fundamentais entre si relacionados:

1º) O sector público, conformado polo estado, rexións ou comunidades autónomas, deputacións ou similares e, no contacto máis achegado ós cidadáns, os concellos. Son institucións públicas, históricas, elementais en todo contexto organizado, todas elas, así e todo, demasiado grandes para atenderen a todas as pequenas teimas de cada quen, e demasiado pequenas para atenderen ó volume de canto a todos acontece cada día.

2º) Unha sociedade conta tamén co imprescindible sector privado, máis importante e numeroso có anterior, constituído polo complexo mundo da ocupación e do traballo: propiedades agrarias ou agropecuarias, empresas, explotacións, emporios, factorías, talleres, firmas, comercio, compañías, industrias, sociedades, limitadas unhas, anónimas outras. Este é o sector economicamente estratéxico do país, o que fornece o emprego estrutural, o que ocupa ós cidadáns, produce bens, ofrece servicios, o que xera a riqueza física e crea os elementos materiais de toda a sociedade. A riqueza e o benestar material dunha sociedade mídense, á hora da verdade, polo número e pola calidade das súas empresas, productivas no mellor dos casos, que son sempre produto dos cidadáns e produtoras así mesmo de cidadáns. Entendámolo dunha vez por todas: sen producir non se pode ter. Non vaíamos caer na máis babeca das inculturas: querer ter sen producir.

3º) O terceiro é o sector social, o sector soberano, o máis amplo e importante, posto que tamén inclúe ós membros do sector público e privado. Entendemos por sector social a sociedade civil en toda a súa extensión e plenitude. A esta sociedade civil cómpren, entre outras, catro xeiras fundamentais: articular a súa propia organización, crear os seus contidos culturais, forxar a súa memoria colectiva e proxectar a súa identidade histórica. Catro xeiras que, ou as acomete cada sociedade civil por si e dentro de si mesma, ou son xeiras que ficarán sempre pendentes. Non hai estado nin suplentes que vallan. A sociedade ten que se crear incesantemente, ten que se facer a cotío,

modularse, mellorarse, valerse, administrarse a si mesma, producir a súa organización, a súa produción, e as súas relacións sociais. Para isto conta a sociedade civil coa existencia, co sometemento e subordinación a prol de si mesma dos sectores público e privado.

E sociedade civil somos os cidadáns. Mais non os cidadáns en abstracto considerados, senón os cidadáns-persoas de carne e óso; os cidadáns-producto e produtores da propia sociedade; os cidadáns-froito dos nosos sistemas educativos, profesional e sanitario; os cidadáns traducidos a traballo productivo, cultural e social, actualizados pola información e pola cultura como formas de boas relacións sociais e de boa veciñanza; cidadáns capaces de entendermos os novos cambios e procesos, de adiantarnos, adaptarnos e darmos respostas eficientes a este novo mundo en constante transformación; cidadáns dotados de vida e de vivenda digna, de servizos públicos eficientes, con soportes sociais para os que pasan por dificultades; cidadáns solidarios, activos, subsidiarios, artellados nas loitas contra o atraso, o desemprego, o subemprego, contra a precariedade laboral, contra a exclusión social, a drogodependencia, contra a intolerancia e violencia humanas, contra o caciquismo, a corrupción política e social, contra a irracionalidade e insaciabilidade do consumismo acrítico, contra a degradación e desintegración cidadá, contra a desidiosa convivencia veciñal dos nosos barrios e aldeas, contra o racismo e xenofobia, contra o actual e sórdido desmantelamento do Estado de Benestar, en fin, contra as pequenas e grandes agresións que a cotío inferimos ó medio ambiente, contra todos os malos usos e abusos, e a prol da natureza, da vida e da solidariedade entre todos os humanos, comezando polos que temos máis a carón de nós. Son estes os cidadáns de verdade, cidadáns comprometidos consigo mesmo e coa súa comunidade, cidadáns produto e, á súa vez, produtores de sociedade. Son estes os cidadáns sociais, os que aportan rango e proveito ás súas sociedades.

O cidadán, se entre nós queremos colectividade sólida e cohesionada, ten que ser produtor e non só consumidor de sociedade. ¿Como? Facendo que o barrio, a aldea, a parroquia, o concello, a cidade, o territorio, sexan algo máis que palabras; logrando que os termos veciño, cidadán, sociedade, participación, democracia, espírito cívico, solidariedade, sexan feitos e non retórica, sexan verdades e non expresións de pata de banco. Facer cidade, facer parroquia, facer concello, facer vila, facer sociedade, facer cidadáns activos e solidarios, ó mesmo tempo que creamos riqueza material e cultural, ó mesmo tempo que facemos sociedade e cidadáns, velaí o noso desafío, a nosa obriga, o noso camiño para entrar polas rotas da modernidade e erguer a nosa historia; velaí a realización da nosa identidade persoal e colectiva. Non podemos deixar en mans alleas as tarefas para dar resposta ás nosas necesidades e mellorar a nosa calidade de vida. Somos nós mesmos quen ten que decidir como queremos ser, como nos queremos organizar, como queremos traballar, vivir e descansar. Para isto contamos coa democracia como espazo público de liberdades e como instrumento político de deliberación, liberación, participación e actuación dos cidadáns.

25 anos de xogo democrático serviron para consolidar entre nós os mecanismos da democracia parlamentaria. Xa non cómpren gobernos que non saian das furnas. Nisto non hai volta atrás. Amosamos un alto apego á vía electoral. Mais a democracia non pecha, non se esgota nas eleccións; estas son só un punto de arrinque. Democracia quere dicir goberno do pobo; democratizar é estender o poder, a solidariedade, a responsabilidade e a participación a todos os cidadáns, todos comprometidos na produción e reprodución do tecido cultural, social, económico e político do país. Se non traducimos a democracia ás decisións que afectan ós aspectos centrais da vida dos cidadáns, as eleccións a secas fican en simulacro e en trampa para imbéciles.

E imos por este camiño. Amosamos un alto apego á democracia, pero tamén unha alta des-

afección e desinterese polos asuntos públicos. A indiferencia polo social instalouse dentro de nós; non nos cativa a vida pública, sentimos lonxe o estado, as institucións, o concello; dúas terceiras partes dos españois non nos vemos representados polos nosos gobernos. Alegamos que detectamos políticos banais, venais, servís, mentiráns e chanchulleiros. Queixámonos de que os cidadáns non somos o obxectivo único e principal das súas decisións. Imos cansos das disputas entre os partidos e das súas liortas internas polo poder. Defenden antes os seus intereses persoais e de partido que os da sociedade. Defenden antes o estado do que a sociedade, cando é aquel quen se debe a esta. Quereríamos que os políticos se sentisen representantes, primordialmente representantes dos cidadáns; que non entendasen a democracia como instrumento para chegar ó poder e como aparato de xestión e permanencia nas poltronas, senón como xestión política para o cambio social e como participación dos cidadáns nas tarefas da emancipación, da construción e transformación da sociedade.

Os cidadáns somos os primeiros culpables desta situación. Votamos políticos que non representan proxectos de vida colectiva, políticos mal preparados, sen estudos, algúns feitos a machadazos, sen vocación social, sen capacidade nin espírito de traballo, que o deixan todo por desexar nos eidos da cultura, da ética, da honestidade, da veracidade e do sentido de servizo público, políticos que se comportan só como funcionarios dos seus propios partidos. Os cidadáns precisamos responsabilizarnos, organizarnos, comprometermos, actuar máis e delegar menos. Temos que invertir "a apelación ó pobo ausente tan querida ós gobernantes pola acción do pobo presente" alí onde se cocen as decisións sobre os problemas sociais agudos. A política remata sempre envilecendo se non afronta os asuntos estruturais da sociedade. A democracia xestouse a favor do pobo e contra os estados modernos das monarquías autoritarias; agora, nos actuais estados de dereito, ten que se revirar contra a presente voracidade do novo despotismo democrático como o quere a globalización ó servizo dos donos do poder, da riqueza e da sociedade.

Nesta primeira fase do capitalismo, sen as contradicións da Guerra Fría, estamos asistindo a un novo cambio civilizatorio coñecido como Globalización, de consecuencias máis inconmesurables do que foron as do Renacemento ou as da Revolución Industrial. Estamos só no comezo. Ata agora trata de se impoñer en primacía a afirmación da economía sobre a cultura, a política, a sociedade e os cidadáns. A sociedade de consumo desprazou ós cidadáns; o mercado desprazou á política. Prevalece a hexemonía do capital financeiro sobre o capital real; é a hora dos especuladores, dos consumidores de sociedade, dos que queren vivir e enriquecerse a conta da vida, do traballo e dos bens das clases productoras. Estende e xeneralízase o dominio da mercancía, a liquidación dos controis sociais e o desmantelamento do Estado de Benestar. A súa obsesión é privatizar, liberalizar, flexibilizar, desregularizar, para rematar coas rixideces e coa lexislación que atemperaban o salvaxismo do capital. A globalización é hostil á democracia entendida como participación popular nos asuntos públicos; quere ós cidadáns na súa situación de individuos pasivos, submisos, atomizados, segregados, dedicados a ver T.V. e a consumir; non nos soporta organizados e socialmente activos; quere a subordinación total da xente e do estado á vontade do mundo empresarial e financeiro; elimina calquera vestixio de fiscalización sobre a produción por parte dos traballadores e sobre os poderes públicos por parte da sociedade; entende a democracia como control empresarial das institucións públicas; anda á caza de investimentos e subsidios públicos para as súas empresas, pero os beneficios son privados; controla e dispón de recursos abondo para converter os medios de comunicación social en distorsionadores da realidade, en fabricantes de consenso, en axentes e adxuntos dos gobernos dentro do marco do poder estatal e empresarial. A

banca, as multinacionais, os monopolios e oligopolios prefiren políticos tolos como Reagan ou Bush, mediocres e arrogantes como Berlusconi ou Aznar, fáciles de se deixaren dirixir polos donos do capital e da sociedade.

Corren novos tempos. Así como non hai progreso sen democracia, non hai democracia sen participación dos cidadáns, nin participación sen asociacionismo, nin asociacionismo sen movementos sociais, nin movementos sociais sen organizacións cívicas, nin organizacións sen o día a día da vontade e das demandas dos cidadáns. Atrás fican os monopolios do poder en mans de emperadores, reis, validos, de partidos e de presidentes ou xefes de goberno. Foron etapas sucesivas, non sei se indispensables, pero iso si, queimadas polo tempo e pola historia no arduo camiño dos pobos polo desenvolvemento democrático. Chegamos ó comezo dunha nova era democrática, á era da plena participación, da plena democracia. Se hoxe os cidadáns non participan, se non proxectan, propoñen, protestan, demandan e controlan as decisións e ós decisores, a sociedade non funciona, abúrrese, trivialízase, fastíase, desactívase, desaféctase, rutineirízase, vaporízase, convértese en pasta mollada de amoadado alimentario. Cando a indiferencia social se instala no interior da sociedade entramos no reino da ferocidade sistemática da corrupción, da política como rapina, como compradeo e caciquismo ó servizo da realidade, no reino da picaresca e do engano instalados nos eidos públicos.

Se hoxe en día os cidadáns non collemos a democracia polos cornos, unha de dúas: ou nos sobreveñen gobernantes xendarmes, ó unísono dos intereses financeiros e ó servizo dos amos do universo, cuxa principal tarefa é a de acochar ó pobo o que fan os poderes económicos e como o fan; ou damos con políticos inocentes como Carter, os Clinton, Jospin ou Zapatero, que non comprenden que a clase política é hoxe irrelevante, a non ser que a cotío estea sustentada polo compromiso e pola decidida asunción da política por parte dos cidadáns. A pesar do seu voluntarismo non entenderán que os países, incluídos os desenvolvidos, son propiedade dunhas cantas familias que son as que dan as instrucións ós respectivos gobernos.

Chegou a ineludible hora dos cidadáns, a hora da sociedade civil en toda a súa extensión. Os vínculos entre a vida social e a vida política non son unha exclusiva dos partidos políticos; tamén teñen que intervir outros mediadores indirectos, como asociacións, agrupacións, clubs, prensa, grupos de opinión, intelectuais e cidadáns, que discutan, orienten e contribúan a formular demandas e a propoñer solucións. Os movementos cidadáns, as organizacións cívicas, as ONGs, o asociacionismo cultural, político, económico e social, malia estorbe e amole ós cargos electos, están chamados a se converteren na materia prima da democracia e no barómetro que mellor avalía a praxe socio-cultural dos novos tempos.

Dentro do asociacionismo xogan un papel relevante as Asociacións de Veciños, como as máis sinxelas, próximas e inmediatas ó contexto social. Unha parroquia, un barrio optativamente organizado e socialmente activo, debe todo el ser de seu a primeira realidade militante. As AA. de Veciños son as que teñen campo e acometidos máis amplos, son as chamadas a cubriren todo o espacio territorial e social da cidade, da vila, da aldea, dos grupos e das familias. As AA. de VV. deben ser, e están sendo en moitos sitios, o referente crítico dos habitantes, deben ser a casa ou clínica común de todos os cidadáns e dos seus intereses; deben ser, e están sendo, o espacio aberto, activo, relacional, solidario e público que todos precisamos. Deben ser e están sendo as impulsoras do diálogo e da colaboración entre a administración pública, o sector privado e a mesma sociedade en aras da solidariedade, da gobernabilidade, do progreso e da cohesión social. A pluralidade é sempre enriquecedora, o pacto e a negociación son sempre positivos. A descoordinación deixa

necesidades sen resposta, queima recursos difíciles de obter e debilita o movemento asociativo. O diálogo e a negociación deben ser permanentes entre todos os sectores sociais, así estarán ben representados os intereses de toda a sociedade.

Hoxe, o mínimo que unha bisbarra, vila, aldea ou barrio pode e debe ter é una Asociación de Veciños, que represente, defenda, deseñe e propoña dende a base as demandas sociais, ó mesmo tempo que fai cidadanía e loita para que os cidadáns sexamos sempre o obxectivo principal dos sectores público e privado. A soberanía reside no pobo, na sociedade civil. Fagámola valer. "Quen non participa non mama". Ou asumimos a teoría clásica da democracia como desafío e proxecto público de emancipación, transformación e cohesión social, ou nos deixamos emboubar pola recente visión economicista da democracia que quere converter o planeta terra nun inmenso mercado e os cidadáns en consumidores pasivos, indolentes e administrados. O noso presente e o noso futuro penden da participación cidadá como antíxeno ó atraso e ás calamidades sociais que padecemos, como plenitude democrática e como certo progreso social.

Título da obra: **1492 / 3**

Lugar e data de execución: **Gondomar, 1990**

Material: **restos arqueolóxicos sobre poliéster + técnica mixta.**

Medidas: **180 x 251 x 9 cm.**

Observacións: Esta obra representou a España na **XXIª Bienal Internacional de São Paulo, Brasil, 1991.**

Ao retornar ao Val Miñor en 1989, o artista realiza unha serie de obras co material denominado "**restos arqueolóxicos**", que son os restos da parede da casa familiar que lle serve de estudio en Gondomar, retirados do seu emprazamento orixinal a través do procedemento do poliéster.